

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE NOVEMBRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria no contorno de tramos de concentración de accidentes na estrada PO-549, punto quilométrico 8+000 a 9+800, coa clave PO/17/143.06, nos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno de tramos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, puntos quilométricos 1+100 a 5+600, coa clave PO/17/139.06, no Concello de Vigo.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura, así como a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías no pagamento anticipado, do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), Axencia Galega de Innovación (GAIN), Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U. (Xesgalicia) e a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector alimentario de Galicia, por un importe total de seis millóns cento noventa e cinco mil novecentos setenta e nove euros con cincuenta céntimos (6.195.979,50 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Abegondo, a Consellería de Sanidade, Augas de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, a Asociación Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e o Instituto Tecnolóxico de Galicia para a posta en marcha do proxecto “Creating a new concept of natural drinking fountains and demonstrating its viability along St. James way”, beneficiario do programa Life da Comisión Europea (LIFE 16 ENV/ES/000533), por un importe de novecentos setenta e tres mil catrocentos oito euros (973.408,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre as previsións da oferta de emprego público de 2018 para a súa posterior negociación coas organización sindicais.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre a ampliación da área de rehabilitación integral (ARI) de Coia (Vigo).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre as actuacións de integración paisaxística dos camiños de Santiago en Compostela.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as resolucións das licitacións de Aire e Mar (I e II) da fase B do polo tecnolóxico e industrial de Rozas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o impacto da medida Leader en Galicia na última década (2008-2018).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PO-549, ENTRE VILANOVA DE AROUSA E CAMBADOS, MEDIANTE O INVESTIMENTO DE 575.000 EUROS

- *As actuacións teñen por obxecto eliminar os tramos de concentración de accidentes identificados nesa vía autonómica e serán licitadas nas vindeiras semanas*
- *A actuación vai desde o final da parroquia vilanovesa de Deiro á intersección en Cambados coa vía de alta capacidade VG-4.3,*
- *Destinaranse máis de 73.000 € ao pagamento dos 26 predios necesarios para as obras de mellora de seguridade viaria*
- *Reformaranse as interseccións máis relevantes coa execución de cuñas de cambio de velocidade e semiglorietas para os cambios de sentido*
- *Mellorárase a seguridade nos pasos de peóns e nas paradas de autobús, establecendo medidas que garantan a súa visibilidade*
- *De xeito complementario, executarase un tramo de senda entre os puntos quilométricos 7+570 e 8+340 pola marxe esquerda da estrada*
- *O Goberno galego segue a impulsar a estratexia de ter eliminados en 2020 todos os tramos de concentración de accidentes nas estradas de titularidade autonómica e conseguir o obxectivo de reducir nun 50% as vítimas mortais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora de seguridade viaria no contorno de tramos de concentración de accidentes na estrada PO-549, entre o final da parroquia de Deiro, no concello de Vilanova de Arousa, e a intersección coa vía de alta capacidade VG-4.3, en Cambados.

O orzamento estimado desta actuación de mellora da seguridade viaria impulsada a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é de 575.000 euros, dos cales máis de 73.000 euros se destinarán ao pagamento dos titulares dos terreos dos 26 predios necesarios para esta actuación. Nas vindeiras semanas está prevista a licitación das obras.

Esta intervención da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade enmárcase no Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020 da Xunta e ten por obxectivo levar a cabo unha serie de actuacións que permitan evitar ou mitigar a accidentalidade neste treito final de 1,8 quilómetros da estrada autonómica PO-549.

Durante o proceso de información pública deste proxecto o Concello de Vilanova solicitou que se ampliase o ámbito da intervención nunha lonxitude de 700 metros e se executasen sendas no tramo. O Goberno galego atendeu esta solicitude, polo que o

tramo en que se desenvolverán as obras é o comprendido entre os puntos quilométricos 7 + 570 e 9 + 800.

As principais actuacións realizaranse nas interseccións máis relevantes do tramo. Para isto, levarase a cabo a execución de cuñas de cambio de velocidade para facilitar as manobras de saída ou incorporación á estrada autonómica. Tamén se construírán dúas semiglorietas para os cambios de sentido nas principais interseccións, en puntos con suficiente visibilidade para realizar os xiros á esquerda.

O actuación tamén recolle a execución dunha nova glorieta na intersección do punto quilométrico 9 + 020 coas estradas provinciais EP-9004 e EP-9005 e a mellora do contorno da rotonda existente no 9 + 400, executando un illote físico para facilitar a súa percepción e reorganizando os accesos próximos.


Tamén se mellorará a seguridade nos pasos de peóns e nas paradas de autobús establecendo medidas que garantan a súa visibilidade mediante a restrición do aparcadoiro nas súas aproximacións e outras medidas.

De xeito complementario, executarase un tramo de senda entre os puntos quilométricos 7 + 570 e 8 + 340 pola marxe esquerda da estrada.

Cómpre lembrar que esta actuación aprobada polo Executivo autonómico está enmarcada na estratexia deseñada pola Xunta para ter eliminados en 2020 todos os tramos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas.

A Xunta continúa coa aposta por reforzar a seguridade viaria nas estradas de titularidade autonómica para conseguir o obxectivo de reducir nun 50% as vítimas mortais.

Con estas actuacións o Goberno galego segue a impulsar a mellora da seguridade viaria, o que redunda na mellora da calidade de vida da cidadanía.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A SUPRESIÓN DOS TRAMOS DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA ESTRADA PO-552, EN VIGO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 MILLÓN DE EUROS

- *Para esta actuación de mellora da seguridade viaria é necesaria a expropiación de 17 parcelas, e inclúese no orzamento preto de 62.000 € para o pagamento dos terreos aos seus titulares*
- *O Departamento de Infraestruturas da Xunta procederá nas vindeiras semanas ao levantamento das actas previas para, a continuación, licitar as obras*
- *As tarefas teñen por obxecto mellorar a seguridade viaria nun tramo de 4,5Km de carácter urbano e periurbano e cunha elevada intensidade de tráfico, entre a intersección coas estradas da Matamá e Muíños e ata San Miguel de Oia*
- *Os traballos prevén a transformación de varias interseccións en glorietas, a mellora de beirarrúas, pasos de peóns e paradas de bus e a reposición de sinais e balizamentos*
- *Estas actuacións están enmarcadas na estratexia do Goberno galego para ter eliminados en 2020 todos os tramos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas*
- *Na área de Vigo, a iniciativa recolle 12 obras para suprimir os 18 puntos negros cun investimento de aproximadamente 5,5 M€*
- *A Xunta tamén fomenta a mobilidade sustentable a través do Plan de sendas na comarca, á cal destinará arredor de 6 M€ para facer realidade un total de 11 itinerarios en zonas con alta densidade de poboación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo execución das obras de mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno dun tramo de concentración de accidentes na estrada PO-552, Vigo-Tui, ao seu paso polo concello de Vigo.

O orzamento estimado da nova intervención impulsada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ascende a máis de 1 millón de euros, incluíndose os 62.000 euros para o pago das expropiación das 17 parcelas necesarias para esta actuación. Nas vindeiras semanas está previsto o levantamento de actas previas para, a continuación, licitar as obras.

A intervención aprobada polo Executivo autonómico ten por obxecto mellorar a seguridade viaria nun tramo de 4,5 da estrada autonómica PO-552, entre a intersección coas estradas da Matamá e Muíños e á entrada de San Miguel de Oia, no municipio olívico. Realizaranse unha serie de actuacións encamiñadas a reducir a posibilidade de aparición de sinistros nesta zona de carácter urbano e periurbano cunha elevada intensidade de tráfico.

As obras previstas comprenden a transformación da intersección coas estradas a Matamá e Muíños, situada no punto quilométrico 1+100 da marxe dereita, executando unha glorieta. Tamén se converterá noutra rotonda a intersección co camiño de Romeu, situada no punto quilométrico 1 + 780, que comunica coa PO-325.

As tarefas inclúen, así mesmo, a reordenación da intersección de baixada á Gándara, no punto quilométrico 2+100, na cal se restrinxirán os xiros, que se poderán realizar na nova glorieta do punto quilométrico 1 + 770 e na existente no 2 + 300.

Executarase, ademais, unha nova glorieta no punto quilométrico 3+060, que permitirá restrinxir o de entrada á rúa Manuel Lago no punto quilométrico 2+900; habilitarase un cambio de sentido no punto quilométrico 3.820 e construírse unha glorieta no punto quilométrico 5+100 para moderar a velocidade e facilitar os cambios de sentido en condicións de seguridade.

Así mesmo, intervírase en pequenos tramos de beirarrúas, complementarios á mellora das interseccións; reforzase a sinalización dos pasos de peóns do tramo; limitarase o aparcamento nos 10 m anteriores para facilitar a súa percepción e mellorarase as paradas de autobús.

Máis actuacións de seguridade viaria

Esta intervención do Departamento de Infraestruturas da Xunta terá a súa continuidade ata a entrada de Baiona, desde o punto no que rematarán as tarefas entre a intersección coas estradas da Matamá e Muíños e na entrada de San Miguel de Oia. Trátase da supresión doutros dous tramos de concentración de accidentes ao seu paso polos concellos de Vigo e Nigrán, cuxos proxectos construtivos están en fase de supervisión tras superar o trámite de información pública.


As actuacións para reforzar a seguridade de veciños e usuarios que a miúdo empregan a estrada PO-552 realízanse de xeito coordinado co Plan de sendas de Galicia, na comarca de Vigo. Deste xeito, unha parte do treito obxecto das obras aprobadas hoxe polo Executivo autonómico está no ámbito das tres sendas recentemente rematadas, que son as que van de Coruxo ás Roteas, a da Estea, en Vigo, e a de Priegue, xa en Nigrán.

Estas iniciativas están enmarcadas na estratexia do Goberno galego para ter eliminados en 2020 todos os tramos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas. Na área de Vigo, execútanse 12 obras para suprimir os 18 puntos negros, cun investimento de 5,5 M€ aproximadamente.

En paralelo con esta aposta por reforzar a seguridade viaria nas estradas de titularidade autonómica, a Xunta tamén fomenta a mobilidade sustentable en Vigo e na súa contorna a través do Plan de sendas na comarca, á cal destinar arredor de 6 M€ nun total de 11 itinerarios nunha zona caracterizada pola súa alta densidade de poboación.

O Goberno galego está a intervir de xeito coordinado, a través da Estratexia de eliminación dos tramos de concentración de accidentes e do Plan de Sendas de Galicia, nunha das estradas máis importantes da zona, que atravesa e comunica numerosos núcleos de poboación e rexistra nas súas marxes unha intensa actividade comercial e de servizos.

A continuación amósase o plano coa intervención prevista na estrada autonómica PO-552, entre a intersección coas estradas da Matamá e Muíños e á entrada de San Miguel de Oia, ao seu paso polo concello de Vigo.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA

GALICIA POTENCIARÁ O EMPRENDEMENTO INNOVADOR NO SECTOR DA ALIMENTACIÓN CUNHA NOVA ACELERADORA COA CAL SE MOBILIZARÁN PRETO DE 6,2 M€

- *Porase en marcha en xaneiro do próximo ano e apoiará 26 proxectos empresariais mediante os cales se espera crear 60 postos de traballo*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria promove a iniciativa coa colaboración de Clusaga, á cal se suman empresas e centros de coñecemento*
- *O obxectivo é acelerar e consolidar compañías innovadoras capaces de captar e reter talento, ademais de fortalecer o posicionamento e a proxección internacional das pemes galegas do sector*
- *A nova business factory súmase á plataforma StartIN Galicia, a Rede galega de aceleradoras que nos últimos cinco anos apoiou preto de 900 proxectos na Comunidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Administración autonómica, a través do Igape, a Axencia Galega de Innovación (Gain), XesGalicia e a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) para a posta en marcha dunha nova aceleradora galega centrada no sector alimentario na cal xa está previsto mobilizar 6,15 millóns de euros entre 2019 e 2021.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsa así a nova *business factory* vertical galega, co obxectivo de acelerar e consolidar compañías innovadoras na cadea de valor do sector da alimentación, capaces de captar, atraer e reter talento e que contribúan a fortalecer o posicionamento dos produtos alimentarios galegos e a incrementar a proxección internacional das pemes do sector.

A nova aceleradora porase en marcha en xaneiro de 2019 coa primeira convocatoria, e a súa programación inclúe tres edicións nas cales se agarda impulsar 26 iniciativas empresariais que poderán xerar arredor de 60 empregos.

Unha vez seleccionados os proxectos, pasarán pola fase de capacitación de equipos e aceleración, que durará nove meses e na que cada proxecto recibirá unha axuda de 25.000 euros e poderá ter acceso a financiamento de ata 50.000 euros a través de préstamos de XesGalicia. Na fase de consolidación o financiamento mediante os préstamos de XesGalicia poderá acadar os 250.000 euros.

Esta iniciativa ten un carácter aberto, polo que calquera institución, empresa ou entidade vencellada ao sector se pode sumar a ela a través da sinatura do correspondente modelo de adhesión como colaborador. A súa participación dirixirase á formación e ao apoio dos proxectos a través do asesoramento e a definición de retos estratéxicos, e actividades de

difusión e internacionalización.

Empresas como o Grupo Calvo, o Grupo Nueva Pescanova, Bodegas Martín Códax, CLUN, Kiwi Atlántico e Clavo Food Factory; agrupacións empresariais como a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados (Anfacó-Cecopesca) e a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca); e centros de investigación como as universidades de Vigo e de Santiago de Compostela e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) manifestaron xa o seu interese en participar na primeira edición.

As *business factories* impulsadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria que xa están postas en marcha pertencen aos sectores da automoción, biotecnolóxico e aeronáutico, e intégranse na plataforma StartIN Galicia, a Rede galega de aceleradoras que nos últimos cinco apoiou preto de 900 proxectos de emprendemento, que contribúen ao desenvolvemento dunha industria innovadora e competitiva.

SANIDADE IMPULSA O PROXECTO *LIFE WATER WAY* PARA MELLORAR A CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO DE 27 FONTES DO CAMIÑO INGLÉS

- *Evitará o uso de 65.000 botellas de plástico de 1,5 litros ao ano ao finalizar o proxecto, o que mitigará notablemente o impacto ambiental*
- *Garantirá a calidade sanitaria dos puntos de abastecemento e ofrecerá unha alternativa natural de calidade*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o convenio de colaboración para a realización do proxecto *Life Water Way*, co cal se pretende recuperar fontes de auga naturais e garantir o abastecemento de auga potable ao longo do Camiño de Santiago Inglés. En concreto, a actuación centrarase en dotar o trazado dunha rede piloto formada por 27 fontes de auga segura para o consumo humano, de modo que o peregrino poida encher unha cantimplora de medio litro con certa periodicidade, aproximadamente cada 6 km.

O beneficio esperado tras a realización do proxecto é mellorar a calidade da auga de consumo humano cun novo concepto de fontes públicas, garantir a súa calidade sanitaria e, en definitiva, repercutir directamente na saúde das persoas que realizan o Camiño. Aínda que a rede piloto foi concibida principalmente para cubrir as necesidades de auga dos usuarios do Camiño de Santiago Inglés, é tamén apta e accesible para satisfacer as da poboación local. En total, mellorárase a calidade e garantirase a seguridade en 100 m³ de auga ao ano ao actuar sobre estas 27 fontes.

Así mesmo, búscase mitigar o impacto ambiental derivado do consumo de auga embotellada nas sendas naturais e nos itinerarios culturais europeos. Estímase que en 2021, co proxecto finalizado, se evitará o uso de 65.000 botellas de plástico de 1,5 litros (1,67 toneladas) que usan a media anual de 12.000 usuarios nos 143 kilómetros de Camiño Inglés.

Neste proxecto participan a Consellería de Sanidade, o Concello de Abegondo, Augas de Galicia, a Deputación da Coruña, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, e o Instituto Tecnolóxico de Galicia. O proxecto ten unha duración de 4 anos e un orzamento total de 973.408 euros. A Unión Europea cofinancia o 48,53% dos custos elixibles, aqueles que se subvencionan no marco do programa europeo.

Sensibilización social e protección do medio

A actuación está enmarcada no Proxecto LIFE. Este programa é o instrumento da Unión Europea para o desenvolvemento de accións sobre o ambiente e o clima, coa finalidade de achegar solucións e melloras prácticas para 'vivir ben respectando os límites do noso planeta'.

As fontes naturais son moi habituais en Galicia e a calidade das augas é moi valorada pola poboación local, e tamén é práctica habitual que os habitantes das cidades próximas se despracen ata esas fontes para abastecerse. No entanto, moitas non contan con tratamentos de potabilización polo que non é posible garantir a salubridade da subministración.

A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA XUNTA DE GALICIA PARA 2018 AUMENTARÁ ATA AS 5.686 PRAZAS, UN 65% MÁIS QUE O ANO ANTERIOR

- *É a maior oferta de emprego público na Comunidade Autónoma desde o ano 2008*
- *Na Administración xeral ofertaranse 2.175 prazas, das cales 1.448 son de acceso libre e o resto para promoción interna e funcionarización do persoal laboral fixo*
- *Na sanidade ofertaranse 1.461 prazas e atenderanse aos ámbitos asistenciais de maior demanda de efectivos, como a pediatría e a medicina de familia*
- *Coa oferta deste ano, a Xunta xa terá cumprido máis da metade das 15.000 prazas comprometidas no Plan de estabilidade ata 2020*
- *A distribución das prazas en Administración xeral e na sanidade será abordada coas organizacións sindicais, para aprobar os decretos antes de rematar o ano*
- *No eido da educación, dada a súa singularidade, as 2.050 prazas da oferta de emprego de 2018 xa foi executada e agora trabállase na do vindeiro exercicio*

A oferta de emprego público da Xunta de Galicia para o ano 2018 incluírá un total de 5.686 prazas nos ámbitos da sanidade, a educación, os servizos sociais e a Administración xeral, o que supón un incremento do 65% respecto da oferta de emprego aprobada para o ano pasado. Ademais, esta oferta é a maior que realiza o Goberno galego desde o ano 2008, segundo os datos dun informe analizado abordado hoxe no Consello da Xunta.

Do total da oferta, 2.175 prazas correspóndense co ámbito da Administración Xeral e permitirán reforzar eidos prioritarios coma os servizos sociais, a loita contra a fraude fiscal, o asesoramento xurídico ou os servizos xerais e de administración, así como estabilizar o emprego temporal. Outras 1.461 prazas ofertaranse na sanidade pública e servirán para atender ámbitos asistenciais tamén prioritarios, apostando pola atención primaria en áreas como a pediatría ou a medicina de familia, mentres que as 2.050 prazas restantes correspóndense co eido da educación e xa foron executadas.

A distribución das prazas na Administración Xeral e no Servizo Galego de Saúde será abordada coas organizacións sindicais nos vindeiros días, co obxectivo de aprobar os correspondentes decretos de ofertas de emprego público antes de que remate o ano. En canto á educación, dada a súa singularidade –por cuestións operativas os exames teñen que realizarse unha vez rematado o curso escolar– a oferta de emprego para 2018 xa foi executada, e agora trabállase na do vindeiro exercicio.

O incremento de prazas nesta oferta de emprego é froito da recuperación económica e tamén dos acordos xa acadados coas organizacións sindicais, e teñen un dobre obxectivo: garantir a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos

poida opositar para traballar na Xunta, e garantir tamén o dereito á promoción profesional dos empregados públicos que xa traballan na Administración galega.

Coa oferta de emprego público que se aprobará este ano, a Xunta de Galicia terá ofertado xa máis da metade das 15.000 prazas comprometidas no Plan de estabilidade no emprego público para o período 2017-2020, asinado entre a Administración autonómica e as organizacións sindicais.

Prazas en centros administrativos e servizos sociais

Na Administración xeral, a oferta triplica a do ano pasado e estará integrada por 2.175 prazas, cunha reserva para persoas con discapacidade superior ao que establece a lexislación. Da cantidade total de prazas, 1.448 serán de acceso libre e teñen como obxectivo reforzar servizos públicos de carácter prioritario para a Comunidade Autónoma.

Nas prazas de acceso libre, unha parte correspóndese co proceso de estabilización do emprego temporal, cumprindo os acordos existentes sobre o Plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos, asinado coas organizacións sindicais CC.OO., UGT e CSIF.

O obxectivo da Xunta no eido da Administración xeral é situar a taxa de cobertura temporal no 7%, un obxectivo máis ambicioso que no conxunto do Estado. Os procesos de consolidación e estabilización que se convoquen se farán polo sistema de concurso-oposición a través dos correspondentes procesos selectivos que deberán garantir, en todo caso, a aplicación dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, así como respectar a libre concorrència.

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 150 prazas para a promoción interna de persoal funcionario e, como novidade este ano, inclúense 577 prazas para o proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo. Hai que ter en conta que este será o primeiro proceso global de funcionarización que desenvolve a Administración galega en toda a súa historia, un proceso previsto na Lei de Emprego Público e que foi pactado entre a Administración e os sindicatos en varios acordos.

Sanidade pública

A oferta de emprego do Servizo Galego de Saúde para 2018 incluírá 1.461 prazas para a súa cobertura no sistema sanitario público de Galicia. Deste xeito, serán case 7.000 os profesionais que se incorporarán ás institucións sanitarias do Sistema Público de Galicia cun emprego fixo desde o ano 2009.

Esta oferta dará resposta ás necesidades asistenciais e organizativas identificadas como prioritarias polo Servizo Galego de Saúde, con especial atención aos ámbitos asistenciais cunha maior demanda de efectivos, como a medicina de familia e pediatría, e aqueloutras categorías que rexistran unha maior necesidade de estabilización dos seus cadros de persoal, co fin de acadar no ano 2020 o compromiso asinado coas organizacións sindicais e xa iniciado co Decreto de oferta de 2017, que sitúa a taxa de temporalidade na porcentaxe do 5%, tres puntos por debaixo do acordado a nivel estatal.

Así, está prevista a convocatoria de 512 prazas de persoal licenciado sanitario; 659 de diplomado e de formación profesional, e 229 prazas de persoal de xestión e servizos das áreas de administración e hostalería. O sistema selectivo será o de concurso-oposición e respectará os principios de libre concorrência, igualdade, mérito e capacidade. Do total de prazas, 98 reservaranse para o seu acceso por persoas con discapacidade, e ata un 50% das prazas convocaranse para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

A oferta de emprego público en sanidade tamén acadará a persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989), cun total de 61 prazas, das cales 7 corresponden á taxa ordinaria de reposición de efectivos e 54 á taxa adicional para a estabilización de emprego temporal no sector da saúde pública e administración sanitaria. Entre as clases que serán obxecto de oferta destacan as de inspectores médicos, inspectores farmacéuticos ou farmacéuticos inspectores de saúde pública.

Educación

En canto ao ámbito educativo, a oferta de emprego público para 2018 contou con 2.050 prazas e incluíu prazas para mestres (705), docencia de ensino secundario (1.050), docencia de formación profesional (160), catedráticos de música e artes escénicas (105) e docencia de escolas de idiomas (30).

Os procesos selectivos no eido da educación pública teñen a súa singularidade, dado que por cuestións operativas os exames teñen que realizarse unha vez rematado o curso escolar e antes de que comece o seguinte curso. É por iso que a oferta de emprego para 2018 xa foi executada con normalidade durante o verán, e agora a Administración galega xa traballa na oferta de emprego para o vindeiro exercicio.

A XUNTA AMPLÍA A ÁREA DE REHABILITACIÓN DE COIA, EN VIGO, QUE SUMA 1.000 VIVENDAS QUE SE PODERÁN BENEFICIAR DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN

- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá desta medida que permitirá que esta área de rehabilitación, declarada en 2015, se amplíe das 360 vivendas actuais ás 1.360*
- *Desde o ano da súa declaración, a Xunta asignou a esta área preto de 1,3 millóns de euros*

A Xunta de Galicia ampliará o ámbito da área de rehabilitación integral (ARI) do polígono de Coia, no concello de Vigo, incluíndo nela novas zonas e incrementando de forma substancial tanto a superficie como o número de vivendas que se poderán beneficiar das axudas da Xunta de Galicia e do Estado en materia de rehabilitación. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda informou no Consello da Xunta sobre esta medida, que beneficiará un importante número de veciños residentes neste ámbito de Vigo.

A área de rehabilitación do polígono de Coia foi declarada polo actual Goberno galego en xullo de 2015, incluíndo edificios de vivendas situados nas rúas Bueu e Moaña, cun total de 360 vivendas agrupadas en 45 bloques, construídas en 1968 e 1973.

A ampliación do ámbito desta área de rehabilitación permitirá integrar agora nela 1.000 vivendas máis, de forma que o total de vivendas que poderían beneficiarse das axudas da Xunta e o Estado será de 1.360, agrupadas en 136 edificios de tipoloxía residencia colectiva. Ás rúas da delimitación inicial (Bueu e Moaña) uniranse -coa ampliación- os inmobles situados nas rúas Vilagarcía e Arousa, rúa Núñez de Balboa, Marín, Caldas de Reis, Baiona, Camiño Cuntis, Soutomaior, Redondela, Mondariz e Pontearreas.

Máis do 78 por cento dos edificios incluídos na ARI ampliada están en estado regular ou malo, mentres que máis do 21 por cento están en bo estado ou regular 'tirando a bo'.


A aprobación da ampliación da ARI no polígono de Coia, permitirá cumprir cos seguintes obxectivos:

- Rehabilitación dos edificios e vivendas para a mellora funcional, a conservación e mantemento con fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
- Mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade.
- Mellora das condicións de seguridade de utilización e da accesibilidade nos edificios e vivendas.

- Mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano, como a consolidación, pavimentación e xardinaría.
- Mellora da accesibilidade dos espazos públicos e a redución da demanda enerxética das instalacións urbanas do ámbito.
- Aumento da ocupación das vivendas e a mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

As axudas poderanse solicitar unha vez que o Concello proceda á publicación da correspondente convocatoria axustada ao novo ámbito da área de rehabilitación integral. O custo estimado da rehabilitación das 1.360 vivendas incluídas na ARI ampliada supera os 42 millóns de euros que se poderán financiar mediante axudas públicas e achegas dos propietarios.

En azul a ARI actual e en vermello as zonas da ampliación



Máis de 1,2 millóns

Desde a declaración da área de rehabilitación integral de Coia, a Xunta e o Estado asignáronlle un total de 1.274.836,60 euros nos tres convenios asinados nos anos 2015, 2017 e 2018.

Polo momento, o Concello de Vigo só certificou a execución de 170.396 euros correspondentes ao convenio asinado en 2015, que foi prorrogado ata o 31 de decembro de 2019 para que non se perdan as contías sen certificar.

Outras ARI

Ademais da de Coia, o Concello de Vigo conta con outras áreas de rehabilitación integral, como a do Casco Vello (declarada en 1997), o núcleo histórico de Bouzas (declarada en 2003) e o Grupo de Casa Santa Clara, en Cabral (declarada en 2015).

En total, a Xunta de Galicia e o Estado asignaron a estas tres áreas de rehabilitación case 14 millóns de euros para axudas destinadas aos propietarios de vivendas e ao propio concello, que se beneficia de subvencións para a realización de obras de urbanización e reurbanización no ámbito das ARI e de axudas para o financiamento da oficina de rehabilitación.

Sumados aos fondos asignados á ARI de Coia, a Xunta e o Estado asignaron máis de 15,2 millóns de euros ás áreas de rehabilitación declaradas na cidade de Vigo.

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLES O VISTO E PRACE ÁS 10 ACTUACIÓNS DESEÑADAS PARA A MELLORA E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO EN COMPOSTELA, QUE ARRINCARÁN EN 2019

- *As actuacións planificadas polo Goberno galego en coordinación co Concello suporán un investimento total de 12 millóns de euros dos cales a Administración autonómica achegará 9 millóns*
- *A iniciativa pretende potenciar a excelencia na experiencia dos peregrinos, limitada en parte na actualidade pola configuración actual dos Camiños nas entradas ás zonas urbanas da cidade, con elevada presión de tráfico e actividade empresarial*
- *Actuarase no Camiño Francés, en concreto nas zonas do Monte do Gozo, San Lázaro e Os Concheiros; no Camiño Portugués, no barrio de Conxo; e no Camiño Inglés, no polígono do Tambre e na rúa Mulas*
- *As actuacións previstas son resultado dun proceso de diálogo con veciños e axentes empresariais, co obxectivo de que as obras sexan tamén unha oportunidade para mellorar a calidade urbana dos contornos dos Camiños*
- *As actuacións incluírán elementos de deseño comúns que contribúan a facer o Camiño doadamente recoñecible, como o tipo de pavimento e a sinalización*
- *En febreiro comezarán as obras no Camiño Inglés, na zona do polígono do Tambre na Vía Galileo, onde se reordenará o tráfico e a zona de tránsito de peregrinos, que se separará visualmente da actividade industrial*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao conxunto de actuacións planificadas no marco da estratexia de mellora e integración paisaxística dos camiños de Santiago na cidade de Compostela, cuxas obras comezarán a executarse en 2019 e estarán rematadas a mediados de 2020.

Co obxectivo de aproveitar ao máximo a potencialidade do vindeiro Ano Santo de 2021, a Xunta iniciou o desenvolvemento dunha estratexia para optimizar as entradas na capital de Galicia das diferentes rutas xacobeas. Con esta iniciativa preténdese potenciar a excelencia na experiencia dos peregrinos, mitigada en parte na actualidade pola configuración actual dos Camiños nas entradas ás zonas máis urbanas da cidade desde os treitos rurais, tendo en conta a presión do tráfico e a actividade empresarial.

Unha vez analizadas en detalle as entradas en Compostela das rutas xacobeas e identificadas as necesidades de mellora, decidiuse actuar no Camiño Francés, en concreto nas zonas do Monte do Gozo, San Lázaro e Os Concheiros; no Camiño Portugués, no barrio de Conxo; e no Camiño Inglés, no Polígono do Tambre e na rúa Mulas.

O conxunto das actuacións proxectadas e analizadas hoxe polo Consello da Xunta pretende conseguir que o Camiño sexa tamén nestas zonas urbanas claramente visible e identificable, favorecendo o tránsito dos peregrinos, así como a posta en valor e o desfrute dos espazos polos cales transcorre.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo e co Concello de Santiago, e baixo a coordinación do arquitecto Xerardo Estévez, ten xa definidas as actuacións que se van desenvolver e que suporán un investimento total de 12 millóns de euros, dos cales a Administración local achegará preto de 3 millóns en concepto de expropiacións e renovación de servizos.

Para a definición das actuacións, a Xunta desenvolveu un proceso de diálogo cos colectivos tanto veciñais como empresariais afectados polos proxectos, co obxectivo de que as obras sexan tamén unha oportunidade para mellorar a calidade urbana dos contornos dos camiños.

Un deseño homoxéneo e recoñecible

A estratexia de mellora e integración paisaxística dos Camiños prevé que as actuacións se desenvolvan conforme criterios de deseño homoxéneos e contribúan a facer o Camiño doadamente recoñecible. Trátase de elementos comúns a todas as obras planificadas, tales como un pavimento de formigón lavado continuo, un material eficiente que resulta cómodo para o camiñante e identificable como espazo diferenciado nos ámbitos do Camiño.

A traza terá sempre un largo mínimo libre de paso de 3 metros e nos cruzamentos os pasos de peóns serán recoñecibles como parte da Ruta tanto polos peregrinos que reforzarán a súa seguridade fronte ao tráfico, como polos propios vehículos.

As actuacións materializaranse a través de 10 proxectos definidos: no Camiño inglés: polígono do Tambre e prolongación ata Meixonfrío; no Camiño Portugués: Conxo, Rocha Vella-Conxo e aparcadoiro en Conxo; e no Camiño Francés: Monte do Gozo, San Lázaro; Fonte dos Concheiros e Rodríguez de Viguri e Rúa dos Concheiros. Finalmente, en colaboración co Concello de Santiago, executarase un aparcadoiro en Triacastela.

Actuacións no Camiño Inglés

No Camiño Inglés, a entrada en Santiago está condicionada polo polígono do Tambre, que atravesa polas rúas Galileo e das Mulas, na cal se encontra o cemiterio de Boisaca.

Na vía Galileo, actualmente mestúranse as entradas ás naves existentes con zonas de aparcamento, desordenadas, sen espazo en moitos tramos para a circulación dos peóns. A actuación inicialmente prevista ampliouse ata o final da rúa das Mulas, na

súa intersección coa rúa do Tambre, de modo que se garanta a seguridade dos peregrinos en toda a súa lonxitude.

Reordenaranse os espazos dedicados ao estacionamento de vehículos, liberando espazo para o tránsito dos peregrinos e habilitando novas prazas de aparcamento que repoñan as que se eliminan. Deste xeito, configúrase unha senda continua para a circulación de peregrinos a pé e ciclistas, cun peche que separa o espazo público do privado, e ademais permite diminuír o impacto visual das naves industriais. Esta cuestión foi tratada especificamente coa Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre.

Na parte fronte ao cemiterio de Boisaca, ademais de habilitar a senda para o peregrino, configúrase un itinerario para o cortexo fúnebre entre tanatorio e cemiterio. Dous camiños paralelos, separados entre si polas súas diferentes funcións e, pola súa vez, protexidos dos vehículos con separadores vexetais.

Esta actuación está xa en fase de contratación e a previsión é que comece a executarse en febreiro de 2019, cun investimento de 1,8 millóns de euros. O obxectivo é que os traballos finalicen a finais do vindeiro ano 2019.

A actuación no Camiño Inglés complétase coa súa prolongación pola rúa das Mulas ata a intersección coa rúa Tambre. Neste eido prevense habilitar aparcadoiros e beirarrúas para liberar de vehículos aparcados o espazo por onde circularán os peregrinos. Esta actuación foi sometida recentemente a información pública e suporá un investimento de 1,25 M€.



Resultado da actuación prevista na vía Galileo

Camiño Francés

A primeira actuación prevista nesta ruta é no Monte do Gozo, parada do peregrino antes de baixar cara á Catedral, cuxa vista foi recentemente recuperada coa corta en eucaliptos da zona de San Lázaro. Recentemente, a Axencia Turismo de Galicia acondicionou a zona para mellorar a súa integración paisaxística, e a actuación agora planificada continúa a mellora na baixada cara ao centro urbano.

A intervención comezará no alto do Monte de Gozo, onde se creará unha nova praza na fronte da capela. A senda de baixada para o peregrino partirá do adro da capela de San Marcos, atravesará a carballeira existente e continuará o seu trazado a través dunha parcela que se expropia, separada da calzada actual. A medida que o camiño descende garantirase unha anchura mínima da pista natural de 3 metros e a partir do cruzamento coa rúa do Gozo formúlase unha plataforma continua de formigón que permitirá a convivencia de veciños, peregrinos e vehículos e coidando especialmente a zona fronte ás vivendas. O tramo final deste ámbito resolverase mediante unha pasarela de percorrido accesible que conectará este punto da rúa do Gozo coa N-634 e o seu paso sobre a AP-9, eliminando as actuais escaleiras.



Planta da actuación na zona da baixada á N-634, incluíndo a rampla como pasarela voada

O proxecto someteuse xa a información pública e proximamente aprobaranse as expropiacións. O investimento estimado desta actuación ascende a 750.000 euros.

San Lázaro

No mesmo Camiño Francés, na zona de San Lázaro, actuarase entre a AP-9 e a intersección coa rúa Miguel Ferro Caaveiro. Neste pequeno treito sucédense unha variedade de pavimentos, seccións e obstáculos ao paso do peregrino, que serán resoltos e homoxeneizados co proxecto. Así, ensánchase o paso do camiño sobre o ferrocarril, dando continuidade formal á configuración do paso superior sobre a AP-9 recentemente executado.

Dado que é necesario eliminar prazas de aparcamento na calzada, estas repóñense acondicionando o pequeno aparcadoiro na marxe dereita do camiño. Aproveitase o paso do Camiño para mellorar o espazo fronte ao núcleo de casas anterior á SC-20, e mellórase o tránsito por esta mesma infraestrutura viaria, cun paso máis directo e natural dos peregrinos pola glorieta.

O proxecto está na fase final da súa redacción e será entregado para a súa supervisión na primeira quincena de decembro, cun investimento estimado de 1,14 millóns de euros.

Cruzamento dos Concheiros, avenida de Lugo e Rodríguez de Viguri

O cruzamento dos Concheiros coa avenida de Lugo e Rodríguez de Viguri é un dos puntos críticos no paso dos peregrinos por Santiago de Compostela, por problemas de tráfico e desorientación frecuente dos peregrinos.

A actuación neste ámbito parte da reordenación do nó actual dos Concheiros, simplificando e reducindo os movementos vehiculares, conformando unha gran praza. O obxecto é xerar un espazo cun tratamento máis urbano de forma que acheguen os barrios das Fontiñas e Os Concheiros, e extensible á cidade máis histórica, ao facilitar as comunicacións peonís.


Como parte desta reordenación, propónse a redución a un único sentido do tráfico rodado na rúa Fonte dos Concheiros e a súa continuación cara a San Lázaro. Este cambio, permitirá unha reordenación da sección desta rúa que asegure un largo mínimo de 3 metros na marxe da senda do Camiño. E, para posibilitar a simplificación da intersección de Concheiros, na avenida de Lugo e Rodríguez de Viguri habilitaranse xiros cara a e desde o barrio das Fontiñas, por un lado na intersección coa rúa Londres, e tamén na intersección coa rúa Monte dos Postes, onde se construíra unha glorieta.

Ademais, prevese a reurbanización da rúa dos Concheiros cunha dobre finalidade: rexenerar un tecido de grande actividade deteriorado polo transcorrer do tempo e

adaptar a zona a criterios de deseño urbano presentes noutros barrios da zona. O principal obxectivo da proposta, é dar cabida ao alto tránsito peonil soportado, dobrando o tamaño da súa sección e reducindo a sección viaria.

A actuación complementábase coa que o Concello está a redactar para habilitar prazas de aparcamento en Triacastela, que será accesible desde a rúa dos Concheiros e que permitirá gañar espazo para o peón nesa rúa.

Prevese a aprobación dos proxectos construtivos dos Concheiros e aparcadoiros de Triacastela no mes de xaneiro de 2019, para a súa licitación no primeiro trimestre de 2019. O custo estimado destas actuacións é de 2,4 millóns de euros.



Planta de conxunto das actuacións nos Concheiros

Camiño Portugués

No Camiño Portugués actúase no barrio histórico de Conxo, é a actuación máis singular na praza fronte ao mosteiro de Santa María. Esta intervención despejará o ámbito e co fin prioritario de propiciar unha gran praza, homoxénea e continua. Para

iso, o proxecto unifica o nivel das dúas entradas principais do mosteiro, a da igrexa e a do hospital.

Configúrase unha praza que se estende ata o centro social, a escola infantil e centro de saúde. Mantéñense os plátanos actuais e o cruceiro na súa actual situación, pero despéxase o resto da praza o que permite poñer en valor a fachada do mosteiro. Reordénanse as prazas de carga e descarga e a parada do autobús, e incorpórase mobiliario urbano. O pavimento será homoxéneo e estenderase ata os rúos veciños.

Xa fóra da praza, reordénase a sección da rúa Benéfica para asegurar un paso mínimo de 3 m para o tránsito do peregrino, configurándose unha senda na cal se disporá novo arboredo. Na travesía de Torrente ata a rúa da Ecurridia, o proxecto considera o mantemento xeral da sección e o pavimento existente, reparando o danado ou inadecuado.

En canto ao tráfico, restrinxirase a circulación na praza do Mosteiro de Conxo no sentido de subida, salvo para o autobús urbano e residentes. Esta solución foi tratada cos veciños e coa empresa máis importante da zona.

Como actuación complementaria e compensatoria da perda de prazas de aparcamento na praza de Conxo, executarase un aparcadoiro nunha parcela próxima ao ámbito da actuación, con 75 novas prazas.

Na actualidade estase preparando a resolución da información pública, aprobaranse as expropiacións e a finais deste mes contarase co proxecto, para a posterior licitación das obras.

Rocha Vella-Conxo

Como prolongación do ámbito orixinalmente previsto no Camiño Portugués, prevese a mellora da Ruta entre Conxo e a ponte da Rocha Vella que, pola súa vez ten previsto o seu acondicionamento por parte do Concello. Trátase dun proxecto de arranxo dos pavimentos do camiño, de tratamento do contorno.

O proxecto está a ser redactado e prevese a súa entrega a mediados do mes de decembro para a súa licitación no primeiro trimestre de 2019.

O investimento estimado nas tres actuacións do Camiño Portugués, é dicir, acondicionamento de praza e camiño en Conxo, prolongación ata A Rocha Vella e novo aparcadoiro, ascende a 2,5 millóns de euros.

A ENTRADA DE BOEING NO POLO AEROESPACIAL DE ROZAS PERMITE A GALICIA SUMAR A ESTE PROXECTO UNHA TERCEIRA EMPRESA DE REFERENCIA INTERNACIONAL

- *A Xunta adxudica a esta multinacional o contrato para desenvolver as tecnoloxías que permitan a xestión do espazo aéreo compartido por aeronaves tripuladas e non tripuladas*
- *Un par de consorcios formados por tres empresas cada un desenvolverán outros dous proxectos orientados á seguridade marítima e ao seguimento da actividade da frota pesqueira; e ao control da calidade das augas tanto marítimas como interiores*
- *Sete de cada dez compañías participantes nestes tres proxectos son pemes galegas e o 57% traballan por primeira vez dentro do polo de Rozas, co cal se cumpre o obxectivo de dar oportunidades ás pequenas e medianas empresas da Comunidade*
- *Estas tres adxudicacións, cun importe mobilizado de 14M€ e que darán traballo a 103 persoas, únense ás seis que xa están en marcha, sumando nove contratos dos dez licitados dentro do Programa de solucións do polo de Rozas*
- *Grazas á aposta da Administración autonómica pola compra pública innovadora poderán desenvolver iniciativas que permitirán prestar, con maior eficiencia, servizos públicos adecuados ás necesidades dos cidadáns*

A Xunta adxudicou tres novos contratos dos 10 licitados a través da compra pública innovadora (CPI), dentro do Programa de solucións do polo aeroespacial de Galicia.

A través destes proxectos, que suporán un investimento público-privado de 14M€ e que se suman os seis adxudicados o pasado mes de outubro, preténdese desenvolver iniciativas que permitan mellorar tanto a seguridade marítima como a calidade das augas e xestionar o espazo aéreo compartido entre aeronaves tripuladas e non tripuladas. Para o desenvolvemento deste último reto, Galicia contará coa participación en Rozas dunha terceira empresa de referencia a nivel mundial, Boeing, sumándose así a Indra e Babcock.

A través das tres novas adxudicacións, ademais de Boeing participan dous consorcios formados por tres compañías cada un. Ademais, a previsión é subcontratar catro centros de coñecemento galegos, oito empresas e dous organismos públicos. Os adxudicatarios desenvolverán para a Xunta de Galicia –que actúa como primeiro cliente– solucións innovadoras para a prestación de servizos públicos mediante o uso de vehículos non tripulados.

Das empresas participantes, sete de cada dez son galegas e o 57% traballan por primeira vez no marco do polo de Rozas, polo que este programa cumpre o seu obxectivo de dar oportunidades ás pequenas e medianas empresas galegas non só do eido aeronáutico senón tamén doutros sectores estratéxicos para Galicia, xa que a

maioría pertencen ás TIC. Está previsto que o desenvolvemento destas iniciativas dea carga de traballo a 103 persoas, das cales 58 serán postos de alta cualificación dentro do proxecto de Boeing.

En concreto, desenvolverase tecnoloxía para dar resposta a un dos retos máis ambiciosos que a industria aeronáutica ten que superar para a operación de vehículos aéreos non tripulados, como é a súa convivencia no espazo aéreo cos tripulados. Da man de Boeing, o obxectivo deste contrato, ademais de facilitar a regulación e xestión aérea mediante o desenvolvemento de novas tecnoloxías, é impulsar a participación da industria galega neste segmento tecnolóxico e atraer a Galicia grandes actores da seguridade aérea. Aos 6,05M€ da adxudicación hai que engadir os preto de 4M€ que Boeing porá dos seus propios recursos e que inclúe, por exemplo, un simulador de probas e continxencias.

O segundo contrato dará resposta ás necesidades expostas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade marítima da frota pesqueira mediante un sistema de monitorización continua e o seguimento e control da súa actividade. Cun orzamento de preto de 1,5M€ o proxecto estará liderado pola UTe formada por Imatia Innovación, Cartogalicia e Industrias Ferri.

A última adxudicación achegará ás consellerías de Medio Ambiente e Infraestruturas melloras no control da súa calidade, cun servizo de mostraxe e recollida de datos baseado nas novas tecnoloxías e no uso de vehículos aéreos autónomos e acuáticos que permitirá abaratar os custos actuais, mellorar a periodicidade na toma de mostras e incrementar a posibilidade de realizar este tipo de actividade nas augas marítimas en condicións meteorolóxicas adversas. Esta iniciativa foi adxudicada por 2,45M€ á proposta encabezada por Adantia, Indra Sistemas e Sixtema.

A previsión é que a licitación restante do Programa de solucións se adxudique a principios de ano e que proximamente se licite unha máis para a atención cardiovascular de peregrinos no Camiño de Santiago a través de avións non tripulados. Deste xeito completárase a fase B de Rozas, que conta cun orzamento de 24M€.

Cunha mobilización inicial programada de 150 millóns de euros, o polo aeroespacial de Galicia -ademais deste Programa de solucións financiado ao 80% con fondos Feder- inclúe un investimento de 115M€ a través do programa de I+D, no cal a Xunta conta con dous socios estratéxicos, Indra e Babcock, que achegan 75 millóns. Ademais, existe un orzamento de 10M€ para o Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas (CIAR). Proximamente sumaranse tamén os investimentos que se van realizar para complementar as instalacións actuais en Rozas cun novo parque industria (2,4M€), así como a posta en marcha da aceleradora aeronáutica, con preto de 5M€.

Deste xeito, o investimento previsto acada agora os 157M€, dos cales máis de 50 xa se están executando.

Mellores servizos públicos

Grazas ao uso da compra pública innovadora (CPI) a Administración galega poderá contar con solucións innovadoras que redundarán nunha mellora dos servizos públicos que se ofrecen aos cidadáns, máis adecuados ás súas necesidades e ás tendencias socioeconómicas, ao tempo que se xerará un efecto tractor sobre o tecido empresarial que permitirá incrementar a competitividade das compañías galegas e a creación de emprego cualificado.

Este programa é unha mostra da aposta que a Xunta está a facer pola CPI que, no período 2007-2013, permitiu que Galicia executase preto do 40% de toda a Compra Pública Innovadora contratada en España e que, neste período 2014-2020, xa está a executar novos fondos por importe de 100M€.

A XUNTA INVESTIU 27 MILLÓNS DE EUROS NA POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS TURÍSTICAS DO PLAN LEADER QUE CREARON PRETO DE 260 EMPREGOS NO RURAL

- *Grazas a estas axudas, xestionadas pola Consellería do Medio Rural, botaron a andar 800 proxectos na última década, que se traduciron nun investimento total de 57 millóns de euros en Galicia*
- *Actualmente o 46% dos fondos Leader son investidos en iniciativas que dalgún xeito inciden no turismo*

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre o investimento do cal se beneficiou na última década o rural galego no ámbito turístico grazas ao Plan Leader. A través desta medida, que conta con fondos do Plan de desenvolvemento rural (PDR), creáronse en Galicia 259 empregos vinculados ao rural, ademais de consolidar outros 368. En concreto, as axudas do Leader relacionadas con iniciativas turísticas ou de lecer nos últimos dez anos ascenderon a 27 millóns de euros. Con elas puxéronse en marcha 842 proxectos que supuxeron un investimento total superior aos 57 millóns de euros.

Así, o informe destaca a evolución que está tendo este sector dentro das subvencións xestionadas a través dos grupos de desenvolvemento rural (GDR). En concreto, no período 2007-2013 (que na práctica se desenvolveu desde 2009) destináronse 15,3 millóns de euros para este fin, o que supuxo un investimento total de máis de 32,6 millóns de euros. Ademais, no período do PDR 2014-2020, do cal se levan tramitado só dous exercicios, xa se investiron nesta materia preto de 11,5 millóns de euros de axudas, o que supón un investimento total de 24,5 millóns de euros.

Polo tanto, logo de dous anos de execución da medida Leader do actual PDR, comprobamos que o sector relacionado coas actividades turísticas é hoxe o principal receptor das axudas das actuacións que seleccionan os GDR. Nesta liña, dos preto de 25 millóns de euros que executará o Leader entre os anos 2018 e 2019 en proxectos, case 11,5 millóns están suxeitos de xeito directo á actividade turística ou de lecer. Así, a día de hoxe o 46% dos fondos Leader son investidos en proxectos que dalgún xeito inciden no sector do turismo. Esta porcentaxe no anterior período de programación estaba nun 17%, polo que se produciu un importante aumento do peso do turismo nos plans dos distintos grupos.

Ademais, co Xacobeo 2021 ás portas, prevese que se manteña a tendencia á alza e os grupos de desenvolvemento rural fagan unha maior aposta pola promoción turística dos seus territorios e leven a cabo proxectos relacionados co sector. En concreto, dos

84 millóns de euros que xestionará o Leader no período 2014-2020, calcúlase que 34 millóns se invistan neste ámbito.

Outras iniciativas

O Plan Leader enmárcase no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia e caracterízase pola súa metodoloxía de abaixo cara a arriba coa que os distintos grupos de desenvolvemento rural, compostos polos axentes públicos e privados de cada zona, poidan decidir en que investir as axudas. Deste xeito, o territorio rural non é un simple destinatario de subvencións, senón que se converte en protagonista do seu propio desenvolvemento.

Nesta liña, calquera persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación dun grupo de desenvolvemento rural pode solicitar unha subvención sen necesidade de formar parte do GDR para obter financiamento do programa Leader. Ademais das iniciativas turísticas, o Programa Leader recolle outro tipo de actuacións que, de xeito xeral, se dividen entre as de natureza produtiva (os que se destinan a producir bens ou prestar servizos orientados ao mercado) e as non produtivas, aqueles que se destinan á prestación de servizos públicos gratuítos, a dotacións ou a mellorar a calidade de vida no rural. Neste último caso, ademais, a subvención poder chegar a acadar o 100% do financiamento.

Así, grazas a estes fondos dótase o rural de todo tipo de servizos, como centros de día e aulas de formación, ata posta en marcha de negocios e melloras patrimoniais (igrejas, muíños...), entre os que destacan o sector turístico e de ocio coa finalidade de atraer visitantes ao rural.